O pasado 6 de novembro tivo lugar en Compostela unha multitudinaria manifestación contra a manipulación informativa dos nosos medios públicos baixo o lema ‘Por unha CRTVG ao servizo do pobo’, convocada polo comité intercentros da corporación e apoiada por todas as organizacións políticas galegas agás o PP, as principais forzas sindicais do País, así como ducias de asociacións de toda índole que conformaban unha boa representación da sociedade galega.

Nun exercicio vergoñento de manipulación informativa que non fai máis que reforzar a razón da marcha do 6N, os servizos informativos da TVG daban escasa cobertura á manifestación no Telexornal Mediodía e na Radio Galega. No primeiro caso, cunha cola de 35 segundos ao final do informativo e na radio con outra de apenas 20 segundos. Por suposto, esa información nin contiña declaracións das persoas manifestantes nin aparecía nos titulares do informativo da TVG, cando si o fixeron outras novas como un accidente en Tanzania ou varios sucesos acontecidos esa fin de semana fóra de Galicia.

Por iso, as deputadas que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego que existiu manipulación informativa na cobertura da manifestación “Por unha CRTVG ao servizo do pobo” por parte da TVG e da Radio Galega?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 10/11/2022 13:18:04

Noelia Otero Lago na data 10/11/2022 13:18:18



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Carballo, capital da comarca de Bergantiños, ten unha dinámica de crecemento que necesita con urxencia a posta a disposición de solo industrial, con medidas para a axilización de ampliación do polígono industrial de Bértoa.

A falla de solo industrial na vila de Carballo é un problema que o Goberno galego non acaba de solucionar, o mesmo que nas infraestruturas, cunha variante que camiña a ritmo de tartaruga ou cunha peaxe na autoestrada A Coruña–Carballo que segue golpeando as economías deste eixe industrial, nunha vía que se construíu para ser pública e que privatizou o goberno do PP de Manuel Fraga.

O polo industrial Arteixo-Laracha-Carballo é unha realidade, máis agora coa futura conexión ferroviaria de Punta Langosteira, pero unha situación que necesita da implicación do Goberno galego para consolidarse como o polo económico máis dinámico de Galicia.

No ano 2003 o solo industrial de Carballo estaba constituído por 500.000 metros cadrados, un solo que fora promovido por un grupo de empresarios, nun momento onde a dispoñibilidade de terreo era practicamente nula, xa que as escasas parcelas existentes non estaban en venta.

Nese mandato municipal, o concello de Carballo dirixido polo tripartito entre BNG, CDI e PSdeG-PSOE e Xestur, deron un gran impulso de cara á dotación de novas bolsas de solo industrial.

O Plan sectorial de áreas empresariais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, aprobado ano 2004, incluía no caso de Carballo, unha primeira fase duns 750.000 m² brutos e unha segunda fase duns 550.000 m². A obra urbanizadora da primeira fase rematou no 2010 e foi inaugurada en setembro dese ano poñendo as parcelas á venda.

No ano 2018, da totalidade da superficie neta da primeira fase, Xestur tiña adxudicado máis do 80 %, quedaban por adxudicar uns 78.000 m² en 26 parcelas de tamaño reducido, un dato que indica que o solo industrial de Carballo estaba practicamente esgotado. No 2020 a adxudicación das parcelas a disposición continuou a bo ritmo, quedando uns 70.000 m² en 19 parcelas, a maioría de



menos de 4.000 m² e a maior de 13.000 m². A principios do 2022 quedaban 4 parcelas á venda e a mediados deste ano só quedaban 2, un dato que indica que a dispoñibilidade de solo industrial é total.

Así mesmo, Xestur ten adquirida unha parte importante do solo nas áreas previstas para a segunda fase duns 550.000 m² e hai que engadir que Carballo conta cun PXOM aprobado definitivamente no ano 2016 que cualifica dúas áreas, lindantes polo Oeste e polo Leste da primeira fase e coincidentes coa segunda fase prevista no Plan Sectorial citado antes, como Solo Urbanizable Delimitado de uso industrial coa denominación de S-I1 e S-I2.

O Goberno galego adxudicou o proxecto de ampliación do dito parque empresarial e anunciou que estaría listo en outubro deste ano para proceder á súa aprobación inicial a principios de 2023, uns prazos que descoñecemos se están a cumprir e que en todo caso, co posterior proceso de expropiación de terreos e as obras de urbanización, fará que no mellor dos casos non se contará con novo solo industrial ata o ano 2024.

Mentres o tempo pasa, Carballo e a comarca de Bergantiños perden oportunidades para a implantación de actividade económica e xeración de emprego.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

En que punto está o proceso de ampliación do polígono de Bértoa en Carballo?

Parlamento de Galicia, 10 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 10/11/2022 13:40:36

María Leticia Gallego Sanromán na data 10/11/2022 13:40:51



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Motivación da urxencia. A urxencia vén motivada polas incertezas que causaron á poboación as declaracións da Xunta en materia de residuos.

Recentemente, a Xunta de Galicia despois de anunciar que suprimirían unha bonificación previa do 10 % no canon de residuos a 164 concellos e incrementaban o canon aos concellos turísticos, paso que foi rexeitado polo municipalismo ao traducirse nun incremento da factura do lixo á veciñanza, Rueda anuncia unha nova bonificación do 15 % do canon de Sogama para os municipios que se comprometan a instalar o contedor marrón antes de que finalice 2023.

Ante este baile de cifras que causa inseguridade e atenta contra a autonomía dos concellos, a deputada que asina pregunta:

Ten previsto este goberno establecer un criterio único de bonificación para incentivar aos concellos a que cumpran coa normativa medioambiental de reducir e reciclar ou vai seguir con esta improvisación e falla de equidade?

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/11/2022 13:49:14



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego dea explicacións a esta cámara, sobre cales son as súas actuacións en materia de violencia de xénero.

A aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en 2017 e a súa posta en marcha un ano despois supuxo elevar a abordaxe da violencia machista nunha cuestión de Estado. O Pacto de Estado é un acordo político polo que todas as forzas parlamentarias definiron unha serie de medidas concretas orientadas á prevención, atención e recuperación das vítimas de violencia machista, un instrumento vertebrador de todos os actores que interveñen e que ten que ser actualizado para responder ás novas formas nas que se manifesta a violencia.

Por iso, a deputada que asina, pregunta:

Considera necesario o Goberno galego presentar no Parlamento un informe de execución e impacto do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en Galicia desde o seu desenvolvemento para así atinar en accións futuras?

Pazo do Parlamento, 1 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 14/11/2022 16:56:06





Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Rio, José Manuel Rey Varela, María Sol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e María Felisa Rodríguez Carrera deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer a opinión do Goberno galego ante uns feitos de tanta relevancia e gravidade

Recentemente, e no marco da negociación dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, o Goberno de España volveu a facer pública a súa intención de reformar o delito de sedición, tipificado no artigo 544 do Código penal. De feito os grupos parlamentarios Socialista e de Unidas Podemos nas Cortes Xerais veñen de rexistrar unha iniciativa lexislativa para derrogar a normativa penal vixente e substituír o delito de sedición por outro de “desordenes públicos agravados”

Con este anuncio, o Goberno de España retoma un perigoso precedente: o de ceder de maneira constante e permanente ás pretensións máis radicais dos seus socios parlamentarios, aínda que isto supoña poñer claramente en cuestión a independencia do poder xudicial, ao volver corrixir as sentenzas do Tribunal Supremo, e a politización da xustiza, ao admitir que sexan os políticos condenados por sedición quen modifica as penas dos delitos que cometeron.

A española é unha democracia estable e consolidada, pero non por iso menos necesitada de institucións fortes, que contén non só co respaldo da lei senón tamén co aprecio e a confianza dos cidadáns. Neste contexto, consideramos esencial que os distintos gobernos das comunidades autónomas -tamén Galicia- realicen un pronunciamento explícito manifestando o rexeitamento a calquera acción que supoña socavar os principios e fundamentos do Estado de Dereito, atentar contra a integridade territorial e poñer en cuestión a orde constitucional.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai o Goberno galego da intención de modificar o Código Penal para derrogar o delito de sedición?





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2022 17:09:56
Nº Rexistro: 43813
Data envío: 14/11/2022 17:09:56.357

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 14/11/2022 17:03:50

José Manuel Rey Varela na data 14/11/2022 17:04:07

María Sol Díaz Mouteira na data 14/11/2022 17:06:46

Ana Belén García Vidal na data 14/11/2022 17:06:57

Noelia Pérez López na data 14/11/2022 17:07:39

José Alberto Pazos Couñago na data 14/11/2022 17:08:01

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/11/2022 17:08:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-CitK06Tmh-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa á valoración da Xunta de Galiza das leccións do afundimento e da catástrofe ambiental e social do Prestige.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación social xerada por moitas das informacións que están a saír á luz pública no vixésimo aniversario da catástrofe do petroleiro Prestige.

Exposición de motivos

O 19 de novembro de 2002 afundiábase o petroleiro Prestige con 77.000 toneladas de combustíbel a bordo fronte ás costas galegas. Pasaran seis días dende que se dera a primeira alarma, seis días nos que as decisións políticas tomadas, e as accións levadas a cabo co buque, non concordaban nin sequera coas pautas de actuación do propio Goberno español para enfrontar casos similares.

Esas decisións, tomadas en Madrid, e a submisión da Xunta de Galiza a todas e cada unha delas, multiplicaron o efecto da marea negra e estenderon o seu impacto





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por a todo o litoral galego, norte de Portugal e amplas zonas do Cantábrico español e francés.

A traxectoria á que os responsábeis políticos abocaron ao Prestige foi caótica e contraditoria e contribuíu claramente ao fatal desenlace da catástrofe, o afundimento do buque a 132 millas náuticas da costa galega e a case 4.000 metros de profundidade, continuando a verter fuel dende esa posición.

O desastre posterior xa o coñecemos, miles de toneladas de chapapote ciscadas e unha das maiores mareas negras da nosa historia á que só se deu resposta inmediata, cos seus propios medios, dende o propio sector do mar e que se fixo extensiva decontado ao resto do pobo galego e ao importante número de voluntarios e voluntarias que se achegaron a Galiza para colaborar na recollida do chapapote e a limpeza das praias.

Os efectos da exposición e o contacto co fuel sobre a saúde de todas aquelas persoas que participaron nas labores de limpeza, a avaliación global do impacto ambiental, a recuperación das zonas afectadas, a situación das toneladas de fuel que aínda permanecen no buque afundido e a súa afectación, o tratamento dos residuos retirados, e moitas outras, son incógnitas que non están aínda suficientemente estudadas nin despexadas.

Por outra banda, na actualidade, 20 anos despois, hai unha media de 35 buques con mercadorías perigosas que cada día navegan fronte ás costas galegas. Deses, uns 15 diarios son de bandeira de conveniencia ou de estados que non cumpren os requisitos de seguridade marítima que se requiren na Unión Europea. Cómpre, nun país como o noso especialmente, estar preparados para calquera eventual catástrofe marítima e os Gobernos español e galego deberan estar preparados para ela, sen que estea claro que así é, sen que as administracións teñan





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asegurado con rotundidade en ningún momento nas últimas décadas que calquera outro Prestige conta cos plans e cos medios humanos, técnicos e económicos suficientes para que non se repitan os feitos que se deron daquela.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que valoración fai a Xunta de Galiza de todas as leccións que nos deixou o afundimento e a catástrofe ambiental e social do Prestige?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 14/11/2022 17:23:48



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Sr. presidente, que medidas dos orzamentos da Xunta de Galicia prevén o necesario reforzo dos servizos públicos para o ano 2023?

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2022

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/11/2022 16:39:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente da Xunta**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Sr. Rueda, que medidas vai impulsar a Xunta de Galiza para loitar contra a violencia machista?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/11/2022 17:25:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e María González Albert, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG polo trámite de urxencia**, sobre a situación na que se atopan os medios de comunicación públicos de Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada por se tratar dun servizo público esencial para a garantía de dereitos fundamentais das galegas e galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comité intercentros da CRTVG xunto con varias dúcias de organizacións sociais, culturais, sindicais e políticas de Galiza, lanzaron unha convocatoria de mobilización o 6 de novembro baixo o lema Por unha CRTVG ao servizo do pobo.

Na convocatoria, denuncian a manipulación informativa –ao servizo dos intereses do Partido Popular no Goberno da Xunta-- e tamén o incumprimento, consciente e reiterado, das obrigas da Corporación co seu persoal mais tamén, e sobre todo, coas galegas e galegos.

A defensa dos medios de comunicación públicos é unha obriga para calquera cidadá e cidadán deste país. Neste senso, para o Bloque Nacionalista Galego (BNG) é,





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

ademais dunha prioridade, unha urxencia romper co control político que se practica sobre a televisión e radio públicas de Galiza.

Uns fíos entre o Goberno do PP e a dirección da CRTVG que comeza polo nomeamento de Sánchez Izquierdo a dedo mais sobre todo co seu mantemento, sine die, nese posto á marxe do que fixa a lei desde 2011.

Neste senso, as organizacións sociais, culturais, sindicais e políticas convocantes da mobilización, esixen, literalmente no seu manifesto:

O RESCATE do noso servizo público de comunicación audiovisual, e expresamos a nosa firme vontade de defender a existencia dunha radiotelevisión pública:

- Que garanta o respecto escrupuloso á obxectividade, a imparcialidade, a neutralidade, a veracidade e o pluralismo informativo, erradicando a manipulación e a cancelación de contidos e profesionais.

- Que recupere a perspectiva da realidade social, laboral, económica e cultural do país e de todo o seu tecido social, nos contidos informativos, divulgativos, educativos e de entretemento. A tal fin, garantirase o dereito de acceso, segundo criterios obxectivos de representación e implantación social, sen que poida excluírse ningún grupo social e co máximo respecto ao pluralismo e á participación democrática de toda a sociedade galega.

- Que recupere a cobertura territorial de todo o país e as desconexións locais, espazos fundamentais para o dereito da cidadanía a acceder ao que acontece na súa contorna máis próxima.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que promova e defenda a identidade de Galiza, da súa lingua e da súa cultura, co estímulo á produción editorial, teatral, musical, audiovisual e demais expresións artísticas e escénicas do país.

- Que xogue un papel estratéxico na converxencia dixital e garanta a presenza do galego nas plataformas dixitais.

- Que fomente a través dos contidos a igualdade e a non discriminación, a diversidade sexual, integrando a perspectiva de xénero e fomentando accións positivas, así como o uso da linguaxe non sexista.

- Que preste especial atención á programación dirixida á infancia e á mocidade, por canto que representan o futuro da sociedade, recuperando unha das principais funcións para a que foi creada a Galega, o fortalecemento da Cultura e a lingua propias de Galiza, así como o seu papel educativo, socializador e galeguizador.

- Que dispoña da estrutura, dimensión e recursos materiais, orzamentarios e humanos necesarios para desenvolver con autonomía as misións de servizo público que ten encomendadas.

- Que cumpra a súa función estratéxica como motor do desenvolvemento da produción audiovisual independente, con transparencia e evitando a concentración das compras nun número reducido de provedores.

Por último, instamos aos poderes públicos de Galiza ao cumprimento da normativa do sector audiovisual público galego, nomeadamente a designación do Director Xeral por maioría cualificada do Parlamento galego; o establecemento dos obxectivos xerais que debe cumprir a CRTVG, a través do correspondente mandato marco; a aprobación do Estatuto Profesional e o Consello de Informativos, ou a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

creación dunha autoridade audiovisual independente que vele polo cumprimento das misións de servizo público encomendadas á CRTVG.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG polo trámite de urxencia:

Cando vai atender a DX da CRTVG as demandas da sociedade galega e do persoal da Corporación?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2022 17:05:53

Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2022 17:06:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 08/11/2022 17:06:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no artigo 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia.**

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola inminente aprobación dos orzamentos e a necesidade de adoptar unha decisión ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza leva semanas de acordos e trasacordos en relación co custo do servizo de tratamento dos residuos que presta SOGAMA aos concellos. Inicialmente o goberno galego manifestou as súas intencións a través da lei de acompañamento dos orzamentos para 2023, que prevé a supresión da bonificación do 10% que SOGAMA ofrecía aos concellos baixo determinados supostos (redución da cantidade de lixo enviada e aplicación do desconto a contribuíntes).

Uns días máis tarde, en sede parlamentaria e como parte dunha estratexia de cortina de fume, o presidente da Xunta contraanunciou que no ano 2023 haberá unha bonificación do 15% do recibo de SOGAMA para todos os concellos que implanten o colector marrón antes de que remate 2023.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta evidente a falta de seriedade e rigor destes anuncios e contranuncios, pois son froito do oportunismo e dunha estratexia defensiva fronte ás críticas da política fiscal da Xunta. Mais o máis grave desta situación é o erro que supón o “premio” que se lle dá ao quinto colector ou colector marrón, que nin é a única nin a mellor alternativa para a xestión dos biorresiduos.

A identificación entre recollida e xestión dos biorresiduos e colector marrón é un grave erro en calquera contexto, mais éo máis nun país como Galiza no que a dispersión da poboación fai que sexa unha alternativa innecesaria e excesivamente custosa na maior parte do territorio.

A experiencia de moitos concellos galegos (como os integrados no modelo Revitaliza, ou o proxecto Allariz RE) demostra que nunha grande parte do territorio galego, tanto en zonas rurais como urbanas e periurbanas, non sería necesario ningún sistema de recollida (con colector ou sen el) e que a opción máis lóxica, ecolóxica e económica é a xestión de proximidade mediante a compostaxe domiciliaria e comunitaria. Unha opción que ademais ten un efecto multiplicador positivo nos resultados de recollida separada doutras fraccións dos residuos.

A experiencia de Galiza e doutros territorios demostra que -no caso de optar pola recollida e tratamento en planta dos biorresiduos-, a alternativa da recollida “porta a porta” ten moito mellores resultados (tanto na cantidade como na calidade dos biorresiduos) que a opción do colector marrón. No caso galego, a experiencia dos concellos que envían os biorresiduos á planta de compostaxe de Areosa pode ser un bo termómetro do que pode pasar noutras plantas e zonas do país.

Consideramos pois un grave erro que se opte pola bonificación exclusiva do quinto colector, porque vai actuar como forma de imposición desta solución e de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

discriminación doutras alternativas máis eficaces, máis sustentábeis e máis acaídas á realidade galega.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

Existen intereses económicos particulares no anuncio feito polo presidente da Xunta en sede parlamentaria sobre a bonificación do recibo de SOGAMA aos concellos que implanten en 2023 o quinto colector ou colector marrón?

Por que razón a Xunta pretende discriminar aos concellos que apostan por sistemas de tratamento dos biorresiduos máis sustentábeis e de proximidade?

Comparte o goberno galego que é un erro moi grave asociar a xestión dos biorresiduos á implantación do colector marrón?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2022

Asdo: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2022 12:35:32

Paulo Ríos Santomé na data 14/11/2022 12:35:36

Alexandra Fernández Gómez na data 14/11/2022 12:35:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O papel e a representación da muller no contexto da cultura galega é moi difícil de valorar á vista da ausencia de estudos de xénero previos neste ámbito, por unha banda, e da absoluta carencia de cifras e estatísticas concretas sobre a situación laboral da muller na cultura galega, pola outra.

A situación real de desigualdade das mulleres nos diferentes círculos de intercambio cultural é evidente desde a práctica e a participación nos espazos e tempos culturais, mais cómpre dispormos dunha análise contrastada e empírica que achegue análise da situación de presente e as liñas de acción ad futurum para avanzar na igualdade de xénero neste ámbito.

En 2014 o Consello da Cultura Galega fixo públicos dous informes baixo o título *A muller na cultura galega* reiterando na súa introdución a escaseza de datos nas estatísticas oficiais a respecto desta temática en múltiples campos de estudo: desde a formación e a visibilidade no campo laboral até a presenza das mulleres nos cargos de dirección, o recoñecemento e a proxección da creación ou o consumo cultural.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis recentemente, en 2018 coñeceuse o documento elaborado por M^a Belén Bermejo López para a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural, intitulado *Reflexións de xénero arredor da situación da muller no contexto da música en Galicia*, onde novamente se volve constatar a falta de estudos sobre a cultura galega vinculados a unha visión de xénero que permitan planificar accións en positivo co fin de aumentar, non só cuantitativamente, senón tamén cualitativamente, a presenza das mulleres nos diferentes sectores que conforman o tecido cultural.

Neste caso, as conclusións de infrarrepresentación das mulleres no ámbito da música clásica fica ben esclarecido, polo que cómpre ensanchar o estudo ás diferentes vertentes da cultura.

Complementariamente, no grupo parlamentario do BNG observamos que, por parte do goberno galego, tampouco se están a desenvolver as medidas destinadas a promover a igualdade no ámbito da creación e produción artística e intelectual recollidas no artigo 26 da Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia de 2006.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4^a :

Que accións está a desenvolver o goberno para avanzar na igualdade entre mulleres e homes nos sectores culturais galegos?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 07/11/2022 10:09:13

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2022 10:09:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Crecente ten previsto iniciar en breve as obras de remodelación e humanización da praza Ana Pastor, no núcleo urbano de dito concello. Estas obras lévanse a cabo ao abeiro do plan REACPON da Deputación de Pontevedra, a través do cal o concello recibira unha subvención de 359.744,45 euros, sendo o investimento total 409.008€.

A actuación atópase dentro dos 200 m da zona de afección do Xacemento romano de Crecente e Conxunto parroquial de San Pedro de Crecente, antiga colexiata construída sobre as ruínas dun mosteiro templario, o cal desaparece no ano 1313, tras a supresión da Orde dos Templarios no Concilio de Viena (1311-1312). A devandita igrexa parroquial data do século XIV, enmarcándose na transición románica-gótica. Presenta unha ampla nave rectangular con cuberta de madeira e presbiterio tamén rectangular que se cobre con bóveda apuntada.

Da súa estrutura primitiva consérvase un escudo pegado ao muro exterior, a xanela do testeiro da ábsida e unha variada colección de modillóns que posiblemente pertencesen á antiga igrexa, hoxe non conservada, que se situaba nas proximidades do templo parroquial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre as actuacións que se pretenden facer, atopamos que o chan da zona central da praza será de formigón cepillado e pintado de gris, así como bancos de formigón e madeira. Segundo a lei de patrimonio cultural, é de obrigado cumprimento manter os valores nas áreas de afectación dos bens patrimoniais, polo que as intervencións deben manter as condicións e características do ámbito, procurando a integración en materiais, sistemas construtivos, volumes, tipoloxía e cromatismo, etc.

Tendo en conta as características dos bens descritos, as obras previstas deberían contar co informe e autorización do departamento autonómico con competencias en materia de patrimonio cultural.

Por estes motivos formúlasne as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

Solicitou o concello de Crecente informe da Dirección Xeral de Patrimonio en relación co proxecto de remodelación da praza Ana Pastor?

Contan con informe favorábel e autorización da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta as obras de remodelación da praza Ana Pastor no concello de Crecente?

Está prevista algunha sondaxe ou control arqueolóxico das obras?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2022 12:20:04

Mercedes Queixas Zas na data 07/11/2022 12:20:14



A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Manuel Santos Costa, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O pasado mes de febreiro conmocionáronnos as novas que apuntaban ao naufraxio do arrastreiro conxelador “Villa de Pitanxo” cando este buque de Marín faenaba a unhas 250 millas de Canadá, en Terranova, cobrándose as vidas de 21 dos seus 23 tripulantes.

Co obxecto de acadar novos datos que permitan avanzar nas causas do naufraxio sería moi oportuna a observación directa do pecio afundido e dos danos que presenta, unha demanda que lideran os familiares dos tripulantes e tamén distintas institucións como o Parlamento galego.

Así, con data 7 de xuño de 2022, o Parlamento de Galicia aprobaba, a iniciativa do Grupo Popular e por unanimidade, unha proposición non de lei que incluía un mandato expreso ao Goberno de España para que puxera en marcha unha operación de traballo subacuático que permita localizar e inspeccionar os restos do buque afundido.

Co todo, as informacións que achegan os responsables do Goberno de España en relación vontade de levar adiante esta actuación son contraditorias: Por unha banda, a Comisión Europea asegura, citando fontes do Goberno de España, que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación prevé enviar un robot ao pecio afundido. Mentres que o delegado do Goberno en Galicia, José Manuel Miñones, desminte esta afirmación.

As continuas contradicións dos responsables do Goberno de España en relación con este asunto e a falta de transparencia, comunicación e de sensibilidade do Ministerio, está a incrementar o sufrimento e a incerteza das familias dos tripulantes falecidos e do conxunto dos profesionais do mundo do mar que observan e falta de criterio da administración central á hora de avaliar a investigación dun suceso destas características.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a postura da Xunta de Galicia en relación coa posta en marcha dunha operación para localizar e inspeccionar os restos do buque afundido Villa de Pitanxo?



Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 07/11/2022 13:48:54

Manuel Santos Costa na data 07/11/2022 13:49:12

José Manuel Balseiro Orol na data 07/11/2022 13:49:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Ana Belén García Vidal na data 07/11/2022 13:49:34

Freire Vázquez, María Begoña na data 07/11/2022 13:49:47

María Elena Suárez Sarmiento na data 07/11/2022 13:49:57

Daniel Vega Pérez na data 07/11/2022 13:50:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A Comisión Europea vén de demandar a España ante o Tribunal de Xustiza da UE polo incumprimento en diversas comunidades autónomas, entre elas Galicia, da obriga establecida pola directiva de nitratos de 1991 de delimitar zonas vulnerables á contaminación por nitratos como medida para restrinxir o seu uso e reducir os seus efectos sobre a natureza e o ser humano, que determina que “os Estados membros deben controlar as súas augas e identificar as afectadas ou que se poidan ver afectadas pola contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias”, como os xurros da gandaría ou os fertilizantes. Segundo a directiva, os Estados “tamén están obrigados a cualificar as superficies cuxa escorrentía flúa cara a esas augas como zonas vulnerables aos nitratos e a establecer programas de acción axeitados para previr e reducir a contaminación por esa causa”, algo que nunca se fixo en Galicia.

A pesar de que Galicia non ten ningunha zona delimitada, a Xunta, no seu plan de xestión de residuos industriais para a próxima década, estima en preto de 60.000 hectáreas a superficie afectada, unha cifra que representa o 10 % de toda a terra agraria de Galicia. Nese plan a propia Xunta admite que os estudos realizados entre 2016 e 2019 detectaron zonas con “niveis significativos de eutrofia en varios puntos localizados nas concas internas de Galicia”.

Un informe elaborado polo MITECO sobre contaminación da auga por nitratos entre os anos 2016 y 2019 revela que os datos de contaminación de masas de auga superficial en Galicia son moi significativos e van en aumento, sendo de feito unha das zonas con maior contaminación en augas superficiais continentais do Estado. Ese informe tamén amosa que Galicia é a comunidade que menos información e plans de actuación ten no Estado.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Por que o Goberno de Galicia non adoptou ningunha medida para cumprir as obrigas derivadas da directiva de nitratos da UE de 1991 e reducir a contaminación por nitratos no noso territorio a pesar das décadas transcorridas?
- 2ª) Como valora o Goberno de Galicia a existencia dun procedemento sancionador da UE que afecta a varias CCAA, entre elas Galicia, polo



incumprimento de obrigas en relación co tratamento da contaminación por nitratos?

3ª) Como valora o Goberno de Galicia que a nosa comunidade sexa unha das zonas do Estado con maior contaminación por nitratos en augas superficiais continentais segundo o último informe do MITECO?

4ª) Cales son os datos dos que dispón o Goberno de Galicia sobre o impacto da contaminación por nitratos nos nosos acuíferos e augas superficiais?

5ª) Cales son as zonas con niveis significativos de atrofia ás que se refire o plan de residuos industriais da Xunta de Galicia?

6ª) Que medidas vai adoptar o Goberno de Galicia para cumprir as obrigas da directiva europea de nitratos e xestionar e reducir a contaminación por nitratos en Galicia?

7ª) Cantas sancións impuxo o Goberno de Galicia por contaminación derivada de explotacións agrogandeiras en cada un dos últimos 5 anos?

8ª) Por que importes?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 07/11/2022 18:28:51

Paloma Castro Rey na data 07/11/2022 18:29:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 16 de febreiro do pasado 2021, na Comisión 2ª, foi aprobada por unanimidade, logo dunha transacción, a PNC 000774 do Grupo Parlamentario do BNG sobre as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego en relación coas condicións de transporte da Barcaza de Portodemouros.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para que a empresa concesionaria do encoro de Portodemouros, situado no curso do Ulla, medio entre os concellos de Santiso, Arzúa e Vila de Cruces, cumpra coas súas obrigas a respecto das condicións que debe observa-la barcaza e as instalacións que comunican as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso), segundo o establecido nas condicións da concesión do encoro á empresa Naturgy.”

Este acordo transaccionado podería resumirse en que este Parlamento instaba o Goberno galego a xestionar coa empresa concesionaria do encoro de Portodemouros sobre o río Ulla, o cumprimento das obrigas que por lei ten contraídas a respecto das comunicacións entre as marxens do encoro que corresponden aos concellos de Vila de Cruces e Santiso.

Pois ben, pasados máis de ano e medio desde este acordo, o mentado cumprimento é mínimo e limítase á instalación provisoria dunhas luces na marxe de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiso, nada se sabe do alargamento dos accesos nin da substitución da barcaza a todas luces obsoleta por outra nova con capacidades axeitadas ás necesidades de hoxe.

En resume, se do que se trata é de que a empresa concesionaria da explotación do encoro cumpra coas obrigas de manter a comunicación e o acceso ás fincas dos propietarios dunha e outra marxe do mesmo e que esta comunicación se adapte aos tempos de hoxe debemos lembrar, unha vez máis, que a maquinaria agrícola medrou en dimensións e peso e que os vehículos de todo tipo necesitan máis espazo de manobra polo que é imprescindible un ancho adaptado a estas necesidades e que a barcaza quedou pequena en canto a dimensións e a capacidade de carga.

Sería, pois, recomendable a realización dun estudo técnico sobre as necesidades e carencias das instalacións e medios deste servizo de comunicación a que está obrigada a empresa Naturgy como concesionaria do mesmo.

A mediados de outubro a Barcaza volveu sufrir unha avaría que xa é unha constante, a rotura dos hidráulicos da rampa de carga, desta vez foi cargando unha procesadora, que non chegaba ás 15Toneladas, cando supostamente a barca está autorizada para unha carga de 20T.

E así entre o 17 e o 21 de outubro a barca estivo parada unha vez máis e agora anúnciase un paro da mesma dun mes para reparacións e a alternativa que dá a empresa é unha sinalización especial da ruta alternativa.

Non hai moito, subíu un autobus de 9 metros aproximadamente, e andivo ben xusto para acceder á barcaza polo que un vehículo de 13 metros non articulado dubidamos poida subir á barca por mor das exiguas dimensións das rampas.

Ademais da adecuación dos accesos faise necesaria outra barca de maiores dimensións e maior capacidade de carga.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cales foron as xestións feitas polo goberno para dar cumprimento ao acordo parlamentario?
- Cal foi a resposta e que compromisos manifestou a empresa concesionaria a respecto das demandas do Parlamento?
- Cales foron as esixencias planteadas polo goberno galego nos contactos mantidos coa empresa Naturgy, se é que os houbo, a respecto das carencias do servizo obxecto desta iniciativa?
- Fixo o goberno galego algún seguimento?
- Vista a inacción da empresa concesionaria e o incumprimento reiterado das condicións da concesión, que medidas pensa tomar o goberno galego?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/11/2022 13:30:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2022 13:30:32

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2022 13:30:40





Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Marta Rodríguez-Vispo Rodriguez e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia ven de por en marcha un novo programa piloto de acollemento familiar especializado para seleccionar fogares nos que, polo menos, un dos proxenitores dispoña dunha cualificación profesional específica para realizar este labor ou ben conte con experiencia ou formación no ámbito.

A iniciativa, ao que destinará 1,1 millóns de euros, facilita un concerto social cunha entidade do eido, que será a encargada de seleccionar ás familias, xestionar o acollemento e realizar un plan de intervención e seguimento.

Así mesmo, pola dedicación exclusiva que implica o programa, remunerarase ás familias acolledoras especializadas cun importe de 1500 euros ao mes. Adicionalmente, recibirán unha compensación polos gastos de manutención do neno ou adolescente, ao igual que o resto de familias acolledoras de Galicia.

O acollemento especializado trátase dun sistema de protección infantil que se está empezando a desenvolver en España, e polo momento só hai algúns proxectos en comunidades como País Vasco, Navarra, Valencia ou Canarias. Polo tanto, Galicia únese ao grupo de comunidades que apostan por esta novedosa fórmula de acollemento.





Por todo o exposto, os deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Cal son as vantaxes que supón para os nen@s e adolescentes desta nova modalidade de acollemento?

Santiago de Compostela, 8 de novembro 2022.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 08/11/2022 17:30:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/11/2022 17:30:24

María Corina Porro Martínez na data 08/11/2022 17:30:48

Noelia Pérez López na data 08/11/2022 17:31:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2022 17:33:32
Nº Rexistro: 43473
Data envío: 08/11/2022 17:33:32.108

López Sánchez, Rosalía na data 08/11/2022 17:31:21

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 08/11/2022 17:31:37

María Elena Suárez Sarmiento na data 08/11/2022 17:31:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos urxente que a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social aporte as explicacións que merecen as familias e afectados directos que levan tantos anos agardando a que dunha vez por todas remate a discriminación a toda unha provincia. Unha das cuestións que preocupa ás familias é saber se ao marxe da titularidade pública, o centro será xestionado directamente pola Xunta de Galicia ou non. Unha cuestión, que entendemos, a propia Consellería de Política Social xa terá que saber, e o lóxico e xusto e informar con detalle ás familias.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Existe compromiso da Xunta de Galicia coa titularidade pública e de xestión directa do futuro CAPD de Ourense?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro do 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2022 11:14:27
Nº Rexistro: 43600
Data envío: 10/11/2022 11:14:27.950

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 10/11/2022 09:41:24

Julio Torrado Quintela na data 10/11/2022 09:41:42

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez, Eduardo Ojea Arias e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Hai uns días o Goberno da Xunta anunciaba a supresión da bonificación do 10 % do canon de Sogama aos concellos que dende hai 3 anos se beneficiaban desta medida ao cumprir 2 requisitos: redución da cantidade de lixo e repercutir dita baixada na súa veciñanza.

Trala resposta da maioría dos concellos a esta medida, que pretendía aprobarse sen moita repercusión mediática aproveitando a Lei de acompañamento dos orzamentos 2023, a Xunta de Galicia tivo que dar explicacións e xustificou esa supresión no aumento dos custes de funcionamento de Sogama derivado da suba do prezo da enerxía.

O que este Goberno non dixo foi que por mor desa suba de prezos de enerxía, os ingresos de Sogama incrementaranse de 55 a 99,77 millóns de euros este ano, xa que a empresa cercedense vende esa enerxía que obtén pola valorización enerxética do 64 % dos residuos que alí se xestionan e iso é a súa principal actividade.

O pasado domingo anunciaba este Goberno que no Plan de Residuos Municipais 2022-2030 se contemplaba incrementar o recibo do lixo na hostalería e no comercio nos Concellos turísticos, concedendo a estes un prazo de 3 anos para adaptar os seus recibos.

Esta medida afectaría a 49 concellos que teñen recoñecida esta categoría e obrigaría á Administración municipal a establecer un recibo diferenciado á hostalería e ao comercio no que se aplique esta suba.

Dende o Grupo Socialista non compartimos esta medida que pretende por unha banda e novamente delegar nos concellos unha obriga autonómica como é a fiscalidade ambiental, e por outro que os concellos compensen a suba dos prezos da xestión de residuos de Sogama e colaboren no aumento dos seus beneficios.



A maiores isto supón unha medida claramente discriminatória duns concellos respecto a outros desincentivando a este sector a implantarse nestes concellos turísticos.

A hostalería e o comercio foron un dos sectores que durante estes dous anos viuse mais prexudicado polas consecuencias da pandemia do Covid-19, non pode este goberno, agora que está a remontar con moito esforzo, volver a cargar contra este sector coa suba do seu recibo do lixo.

Este goberno ten que optar por medidas de sensibilización e incentivos que animen ao reciclaxe e á redución do volume de lixo non incrementar as taxas en beneficio de Sogama.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende este Goberno que o modelo de recollida de lixo específico para os concellos turísticos contemplado no Plan de Residuos 2022-2030, supón unha medida claramente discriminatória duns concellos respecto a outros? E dun sector respecto a outros?
2. Vai este Goberno substituír a medida do Plan de Residuos 2022-2030 o modelo de recollida de lixo específico para os concellos turísticos?
3. Por que non promove este goberno incentivos fiscais no canon de lixo para os concellos que cumpran os principios de redución e reciclaxe establecidos pola normativa de residuos?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/11/2022 12:58:18

Pablo Arangüena Fernández na data 10/11/2022 12:58:26

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2022 13:02:50
Nº Rexistro: 43610
Data envío: 10/11/2022 13:02:50.758

Patricia Otero Rodríguez na data 10/11/2022 12:58:37

Eduardo Ojea Arias na data 10/11/2022 12:58:49

María Leticia Gallego Sanromán na data 10/11/2022 12:58:58

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Árias, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O concello de Coristanco ten pendente de realizar unha obra de saneamento financiada polo Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña do ano 2022, denominado “Red saneamento no lugar do Piñeiro” na parroquia de Ferreira, no concello de Coristanco.

Dende o PSdeG-PSOE queremos coñecer se dende Augas de Galicia teñen aprobada a autorización da obra e se deron autorización de vertido.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

Como está o trámite da autorización das obras e o vertido do dito proxecto?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 10/11/2022 11:08:04

Patricia Otero Rodríguez na data 10/11/2022 11:08:23

Eduardo Ojea Arias na data 10/11/2022 11:08:44



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Carballo, capital da comarca de Bergantiños, ten unha dinámica de crecemento que necesita con urxencia a posta a disposición de solo industrial, con medidas para a axilización de ampliación do polígono industrial de Bértoa.

A falla de solo industrial na vila de Carballo é un problema que o Goberno galego non acaba de solucionar, o mesmo que nas infraestruturas, cunha variante que camiña a ritmo de tartaruga ou cunha peaxe na autoestrada A Coruña–Carballo que segue golpeando as economías deste eixe industrial, nunha vía que se construíu para ser pública e que privatizou o goberno do PP de Manuel Fraga.

O polo industrial Arteixo-Laracha-Carballo é unha realidade, máis agora coa futura conexión ferroviaria de Punta Langosteira, pero unha situación que necesita da implicación do Goberno galego para consolidarse como o polo económico máis dinámico de Galicia.

No ano 2003 o solo industrial de Carballo estaba constituído por 500.000 metros cadrados, un solo que fora promovido por un grupo de empresarios, nun momento onde a dispoñibilidade de terreo era practicamente nula, xa que as escasas parcelas existentes non estaban en venta.

Nese mandato municipal, o concello de Carballo dirixido polo tripartito entre BNG, CDI e PSdeG-PSOE e XESTUR, deron un gran impulso de cara á dotación de novas bolsas de solo industrial.

O Plan sectorial de areas empresariais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, aprobado ano 2004, incluía no caso de Carballo, unha primeira fase duns 750.000 m² brutos e unha segunda fase duns 550.000 m². A obra urbanizadora da primeira fase rematou no 2010 e foi inaugurada en setembro dese ano poñendo as parcelas á venda.

No ano 2018, da totalidade da superficie neta da primeira fase, Xestur tiña adxudicado máis do 80 %, quedaban por adxudicar uns 78.000 m² en 26 parcelas de tamaño reducido, un dato que indica que o solo industrial de Carballo estaba practicamente esgotado. No 2020 a adxudicación das parcelas a disposición continuou a bo ritmo, quedando uns 70.000 m² en 19 parcelas, a maioría de



menos de 4.000 m² e a maior de 13.000 m². A principios do 2022 quedaban 4 parcelas á venda e a mediados deste ano só quedaban 2, un dato que indica que a dispoñibilidade de solo industrial é total.

Así mesmo, Xestur ten adquirida unha parte importante do solo nas áreas previstas para a segunda fase duns 550.000 m² e hai que engadir que Carballo conta cun PXOM aprobado definitivamente no ano 2016 que cualifica dúas áreas, lindantes polo Oeste e polo Leste da primeira fase e coincidentes coa segunda fase prevista no Plan Sectorial citado antes, como Solo Urbanizable Delimitado de uso industrial coa denominación de S-I1 e S-I2.

O Goberno galego adxudicou o proxecto de ampliación do dito parque empresarial e anunciou que estaría listo en outubro deste ano para proceder á súa aprobación inicial a principios de 2023, uns prazos que descoñecemos se están a cumprir e que en todo caso, co posterior proceso de expropiación de terreos e as obras de urbanización, fará que no mellor dos casos non se contará con novo solo industrial ata o ano 2024.

Mentres o tempo pasa, Carballo e a comarca de Bergantiños perden oportunidades para a implantación de actividade económica e xeración de emprego.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) En que punto está o proceso de ampliación do polígono de Bértola en Carballo?
- 2ª) Ten o Goberno galego activada algunha alternativa para a implantación de empresas en Carballo mentres non sexa efectiva a dita ampliación?

Parlamento de Galicia, 10 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 10/11/2022 13:40:01

María Leticia Gallego Sanromán na data 10/11/2022 13:40:17



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG.

A CRTVG puxo en marcha a comezos do ano 2010 a segunda canle da TVG co obxectivo de funcionar cunha programación temática con espazos infantís, xuvenís, culturais, documentais e deportivos. Estaba tamén previsto que a TVG2 dedicase parte da súa grella á retransmisión en directo de sesións parlamentarias.

Doce anos despois, observamos como a TVG2 só cumpre unha parte do seu reto inicial, o referido a contidos infantís e deportivos as fins de semana. Mais esquece o resto do comprometido, dedicando a maior parte da súa programación a reposicións de contidos da primeira canle, emisións interminables de series de ficción e programas da Radio Galega. Nin programación xuvenil nin cultural, exceptuando a franxa horaria de comezo da madrugada, cando dedica diariamente unha hora a un contido cultural.

Con esta grella non son de estrañar os baixos índices de audiencia, que rozan o 1, e que son nulos en franxas de idade a priori ‘diana’. É por iso que no grupo socialista sospeitamos que o propósito da actual dirección xeral sexa dismantelar esta canle para dedicar os seus recursos a adaptarse ao reto dixital, que parece ser a única prioridade hoxe.

Por todo isto preguntamos:

- 1ª) Ten prevista a actual dirección da CRTVG un cambio na programación da TVG2 para conseguir maiores índices de audiencia?
- 2ª) Consideran que son suficientes os espazos dedicados diariamente nesa canle á cultura?
- 3ª) Cal é a razón de emitir os escasos programas culturais da TVG2 en horario de madrugada?
- 4ª) Que espazos dedicados á mocidade se emiten na TVG2?
- 5ª) Cal é o custe, en termos porcentuais, da programación da TVG2?
- 6ª) Consideran suficientes as audiencias da TVG2?



7ª) Teñen previsto cumprir coa idea inicial de emitir sesións parlamentarias en directo?

8ª) É intención da actual dirección pechar a TVG2?

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/11/2022 16:30:09

Noelia Otero Lago na data 09/11/2022 16:30:23



Á Mesa do Parlamento

Noa Susana Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da CRTVG.

O pasado 6 de novembro tivo lugar en Compostela unha multitudinaria manifestación contra a manipulación informativa dos nosos medios públicos baixo o lema ‘Por unha CRTVG ao servizo do pobo’, convocada polo comité intercentros da corporación e apoiada por todas as organizacións políticas galegas agás o PP, as principais forzas sindicais do País, así como dúcias de asociacións de toda índole que conformaban unha boa representación da sociedade galega.

Nun exercicio vergoñento de manipulación informativa que non fai máis que reforzar a razón da marcha do 6N, os servizos informativos da TVG daban escasa cobertura á manifestación no Telexornal Mediodía e na Radio Galega. No primeiro caso, cunha cola de 35 segundos ao final do informativo e na radio con outra de apenas 20 segundos. Por suposto, esa información nin contiña declaracións das persoas manifestantes nin aparecía nos titulares do informativo da TVG, cando si o fixeron outras novas como un accidente en Tanzania ou varios sucesos acontecidos esa fin de semana fóra de Galicia.

Por iso as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal e razón de informar ao final dos informativos dunha manifestación na capital galega que congrega a varios milleiros de persoas?

2ª) Terían actuado da mesma maneira se a manifestación fose convocada ou apoiada polo Partido Popular? Pode poñerme algún exemplo?

3ª) Cre vostede que se cumpre o principio de veracidade cando nas pezas informativas se asegura que a mobilización era a prol “da pluralidade, do idioma e da produción propia”?

4ª) Entende que é máis importante un accidente en Tanzania que unha manifestación de milleiros de persoas en Santiago de Compostela?

5ª) Por que non se incluíron testemuñas das persoas manifestantes?

6ª) Esa información foi elaborada por un redactor ou redactora de fin de semana encargado do resto da escaleta da TVG? Quen elaborou esa información na RG?



7ª) Houbo intención de silenciar a manifestación ‘Por unha CRTVG ao servizo do pobo’?

8ª) Seguen afirmando que non existe manipulación informativa na CRTVG?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 10/11/2022 13:16:42

Noelia Otero Lago na data 10/11/2022 13:17:02





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O papel e a representación da muller no contexto da cultura galega é moi difícil de valorar á vista da ausencia de estudos de xénero previos neste ámbito, por unha banda, e da absoluta carencia de cifras e estatísticas concretas sobre a situación laboral da muller na cultura galega, pola outra.

A situación real de desigualdade das mulleres nos diferentes círculos de intercambio cultural é evidente desde a práctica e a participación nos espazos e tempos culturais, mais cómpre dispormos dunha análise contrastada e empírica que achegue análise da situación de presente e as liñas de acción ad futurum para avanzar na igualdade de xénero neste ámbito.

En 2014 o Consello da Cultura Galega fixo públicos dous informes baixo o título *A muller na cultura galega* reiterando na súa introdución a escaseza de datos nas estatísticas oficiais a respecto desta temática en múltiples campos de estudo: desde a formación e a visibilidade no campo laboral até a presenza das mulleres nos cargos de dirección, o recoñecemento e a proxección da creación ou o consumo cultural.

Máis recentemente, en 2018 coñeceuse o documento elaborado por M^a Belén Bermejo López para a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

intitulado *Reflexións de xénero arredor da situación da muller no contexto da música en Galicia*, onde novamente se volve constatar a falta de estudos sobre a cultura galega vinculados a unha visión de xénero que permitan planificar accións en positivo co fin de aumentar, non só cuantitativamente, senón tamén cualitativamente, a presenza das mulleres nos diferentes sectores que conforman o tecido cultural.

Neste caso, as conclusións de infrarrepresentación das mulleres no ámbito da música clásica fica ben esclarecido, polo que cómpre ensanchar o estudo ás diferentes vertentes da cultura.

Complementariamente, no grupo parlamentario do BNG observamos que, por parte do goberno galego, tampouco se están a desenvolver as medidas destinadas a promover a igualdade no ámbito da creación e produción artística e intelectual recollidas no artigo 26 da Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia de 2006.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Que accións está a desenvolver o goberno para avanzar na igualdade entre mulleres e homes nos sectores culturais galegos?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2022 10:10:19

Mercedes Queixas Zas na data 07/11/2022 10:10:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a supresión da bonificación do canon de SOGAMA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta vén de anunciar da supresión da bonificación do 10% no canon de SOGAMA á que podían acollerse os concellos que cumprisen determinados criterios de redución nos envíos a SOGAMA e reciclaxe de residuos. Ademais de tratarse dunha medida parcial que incentiva a posta en práctica de actuacións de reutilización e reciclaxe, fundamentalmente sistemas de compostaxe dos biorresíduos, tamén era unha medida de carácter social xa que contribuía a reducir o custo do recibo do lixo para os fogares, nun contexto de crise económica e suba descontrolada dos prezos. Isto era así porque os concellos beneficiarios da bonificación asumían a obriga de repercutila nos recibos das persoas contribuíntes. Segundo datos de SOGAMA, no ano 2021 acolléronse á bonificación 152 concellos, que no seu conxunto deixaron de pagar 3.431.000 de euros.

A supresión da bonificación aparece recollida na lei de medidas fiscais e administrativas do proxecto de orzamentos do ano 2023, polo que entrará en vigor a partir de comezos do ano que vén. E vai coincidir coa entrada en vigor das novas taxas á incineración e vertedoiro, derivadas da nova lei estatal de residuos e da normativa comunitaria, que vai supor un aumento dos recibos pola aposta de Galiza por solucións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

finalistas (de fin de ciclo) para residuos que poden ser obxecto de reutilización e reciclado.

Ao mesmo tempo, a supresión da bonificación vai coincidir con unha importante suba no custo do recibo do ciclo da auga, como consecuencia da entrada en vigor dos novos canons previstos na recentemente aprobada lei do ciclo da auga. Este incremento de custos vailles afectar sobre todo aos concellos que van ter que cobrar o novo canon de depuradoras, vencellado a EDAR xestionadas por Augas de Galicia.

Trátase de medidas moi lesivas para as economías familiares, auténticos sablazos fiscais a rendas medias e baixas nun contexto de crise económica e graves dificultades para facer fronte á escalada de prezos.

Esta avidez recadatoria da Xunta contrasta cos beneficios fiscais para as rendas e patrimonios das persoas máis ricas, que se prevén para 2023 e que van detraer das arcas públicas uns 34 millóns de euros.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera a Xunta que estamos no mellor momento para incrementar os recibos da auga e do lixo?

Ten previsto a Xunta revisar e retirar a decisión de suprimir a bonificación do 10% no canon de SOGAMA, medida á que se acolleron 152 concellos no ano 2021?

Ten previsto o goberno galego abrir unha vía de diálogo coas entidades locais para suspender a aplicación das subas previstas no custo da auga e para acordar as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

grandes liñas de actuación para a modernización e mellora das instalacións de abastecemento, saneamento e depuración?

Considera o goberno galego que estamos no contexto económico axeitado para baixarlle os impostos a persoas millonarias e para subirlos ás persoas que teñen salarios máis baixos?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2022

Asdo: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2022 11:48:01

Paulo Ríos Santomé na data 07/11/2022 11:48:10

Alexandra Fernández Gómez na data 07/11/2022 11:48:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Crecente ten previsto iniciar en breve as obras de remodelación e humanización da praza Ana Pastor, no núcleo urbano de dito concello. Estas obras lévanse a cabo ao abeiro do plan REACPON da Deputación de Pontevedra, a través do cal o concello recibira unha subvención de 359.744,45 euros, sendo o investimento total 409.008€.

A actuación atópase dentro dos 200 m da zona de afección do Xacemento romano de Crecente e Conxunto parroquial de San Pedro de Crecente, antiga colexiata construída sobre as ruínas dun mosteiro templario, o cal desaparece no ano 1313, tras a supresión da Orde dos Templarios no Concilio de Viena (1311-1312). A devandita igrexa parroquial data do século XIV, enmarcándose na transición románica-gótica. Presenta unha ampla nave rectangular con cuberta de madeira e presbiterio tamén rectangular que se cobre con bóveda apuntada.

Da súa estrutura primitiva consérvase un escudo pegado ao muro exterior, a xanela do testeiro da ábsida e unha variada colección de modillóns que posiblemente pertencesen á antiga igrexa, hoxe non conservada, que se situaba nas proximidades do templo parroquial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre as actuacións que se pretenden facer, atopamos que o chan da zona central da praza será de formigón cepillado e pintado de gris, así como bancos de formigón e madeira. Segundo a lei de patrimonio cultural, é de obrigado cumprimento manter os valores nas áreas de afectación dos bens patrimoniais, polo que as intervencións deben manter as condicións e características do ámbito, procurando a integración en materiais, sistemas construtivos, volumes, tipoloxía e cromatismo, etc.

Tendo en conta as características dos bens descritos, as obras previstas deberían contar co informe e autorización do departamento autonómico con competencias en materia de patrimonio cultural.

Por estes motivos formúlasne as seguintes preguntas para resposta escrita:

Solicitou o concello de Crecente informe da Dirección Xeral de Patrimonio en relación co proxecto de remodelación da praza Ana Pastor?

Contan con informe favorábel e autorización da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta as obras de remodelación da praza Ana Pastor no concello de Crecente?

Está prevista algunha sondaxe ou control arqueolóxico das obras?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 07/11/2022 12:22:55

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2022 12:22:59



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Comisión Europea vén de demandar a España ante o Tribunal de Xustiza da UE polo incumprimento en diversas comunidades autónomas, entre elas Galicia, da obriga establecida pola directiva de nitratos de 1991 de delimitar zonas vulnerables á contaminación por nitratos como medida para restrinxir o seu uso e reducir os seus efectos sobre a natureza e o ser humano, que determina que “os Estados membros deben controlar as súas augas e identificar as afectadas ou que se poidan ver afectadas pola contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias”, como os xurros da gandaría ou os fertilizantes. Segundo a directiva, os Estados “tamén están obrigados a cualificar as superficies cuxa escorrentía flúa cara a esas augas como zonas vulnerables aos nitratos e a establecer programas de acción axeitados para previr e reducir a contaminación por esa causa”, algo que nunca se fixo en Galicia.

A pesar de que Galicia non ten ningunha zona delimitada, a Xunta, no seu plan de xestión de residuos industriais para a próxima década, estima en preto de 60.000 hectáreas a superficie afectada, unha cifra que representa o 10 % de toda a terra agraria de Galicia. Nese plan a propia Xunta admite que os estudos realizados entre 2016 e 2019 detectaron zonas con “niveis significativos de eutrofia en varios puntos localizados nas concas internas de Galicia”.

Un informe elaborado polo MITECO sobre contaminación da auga por nitratos entre os anos 2016 y 2019 revela que os datos de contaminación de masas de auga superficial en Galicia son moi significativos e van en aumento, sendo de feito unha das zonas con maior contaminación en augas superficiais continentais do Estado. Ese informe tamén amosa que Galicia é a comunidade que menos información e plans de actuación ten no Estado.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Por que o Goberno de Galicia non adoptou ningunha medida para cumprir as obrigas derivadas da directiva de nitratos da UE de 1991 e reducir a contaminación por nitratos no noso territorio a pesar das décadas transcorridas?



2ª) Como valora o Goberno de Galicia a existencia dun procedemento sancionador da UE que afecta a varias CCAA, entre elas Galicia, polo incumprimento de obrigas en relación co tratamento da contaminación por nitratos?

3ª) Como valora o Goberno de Galicia que a nosa comunidade sexa unha das zonas do Estado con maior contaminación por nitratos en augas superficiais continentais segundo o último informe do MITECO?

4ª) Cales son os datos dos que dispón o Goberno de Galicia sobre o impacto da contaminación por nitratos nos nosos acuíferos e augas superficiais?

5ª) Cales son as zonas con niveis significativos de atrofia ás que se refire o plan de residuos industriais da Xunta de Galicia?

6ª) Que medidas vai adoptar o Goberno de Galicia para cumprir as obrigas da directiva europea de nitratos e xestionar e reducir a contaminación por nitratos en Galicia?

7ª) Cantas sancións impuxo o Goberno de Galicia por contaminación derivada de explotacións agrogandeiras en cada un dos últimos 5 anos?

8ª) Por que importes?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 07/11/2022 18:30:45

Paloma Castro Rey na data 07/11/2022 18:31:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 16 de febreiro do pasado 2021, na Comisión 2ª, foi aprobada por unanimidade, logo dunha transacción, a PNC 000774 do Grupo Parlamentario do BNG sobre as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego en relación coas condicións de transporte da Barcaza de Portodemouros.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para que a empresa concesionaria do encoro de Portodemouros, situado no curso do Ulla, medio entre os concellos de Santiso, Arzúa e Vila de Cruces, cumpra coas súas obrigas a respecto das condicións que debe observa-la barcaza e as instalacións que comunican as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso), segundo o establecido nas condicións da concesión do encoro á empresa Naturgy.”

Este acordo transaccionado podería resumirse en que este Parlamento instaba o Goberno galego a xestionar coa empresa concesionaria do encoro de Portodemouros sobre o río Ulla, o cumprimento das obrigas que por lei ten contraídas a respecto das comunicacións entre as marxens do encoro que corresponden aos concellos de Vila de Cruces e Santiso.

Pois ben, pasados máis de ano e medio desde este acordo, o mentado cumprimento é mínimo e limítase á instalación provisoria dunhas luces na marxe de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiso, nada se sabe do alargamento dos accesos nin da substitución da barcaza a todas luces obsoleta por outra nova con capacidades axeitadas ás necesidades de hoxe.

En resume, se do que se trata é de que a empresa concesionaria da explotación do encoro cumpra coas obrigas de manter a comunicación e o acceso ás fincas dos propietarios dunha e outra marxe do mesmo e que esta comunicación se adapte aos tempos de hoxe debemos lembrar, unha vez máis, que a maquinaria agrícola medrou en dimensións e peso e que os vehículos de todo tipo necesitan máis espazo de manobra polo que é imprescindible un ancho adaptado a estas necesidades e que a barcaza quedou pequena en canto a dimensións e a capacidade de carga.

Sería, pois, recomendable a realización dun estudo técnico sobre as necesidades e carencias das instalacións e medios deste servizo de comunicación a que está obrigada a empresa Naturgy como concesionaria do mesmo.

A mediados de outubro a Barcaza volveu sufrir unha avaría que xa é unha constante, a rotura dos hidráulicos da rampa de carga, desta vez foi cargando unha procesadora, que non chegaba ás 15Toneladas, cando supostamente a barca está autorizada para unha carga de 20T.

E así entre o 17 e o 21 de outubro a barca estivo parada unha vez máis e agora anúnciase un paro da mesma dun mes para reparacións e a alternativa que dá a empresa é unha sinalización especial da ruta alternativa.

Non hai moito, subíu un autobus de 9 metros aproximadamente, e andivo ben xusto para acceder á barcaza polo que un vehículo de 13 metros non articulado dubidamos poida subir á barca por mor das exiguas dimensións das rampas.

Ademais da adecuación dos accesos faise necesaria outra barca de maiores dimensións e maior capacidade de carga.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cales foron as xestións feitas polo goberno para dar cumprimento ao acordo parlamentario?
- Cal foi a resposta e que compromisos manifestou a empresa concesionaria a respecto das demandas do Parlamento?
- Cales foron as esixencias planteadas polo goberno galego nos contactos mantidos coa empresa Naturgy, se é que os houbo, a respecto das carencias do servizo obxecto desta iniciativa?
- Fixo o goberno galego algún seguimento?
- Vista a inacción da empresa concesionaria e o incumprimento reiterado das condicións da concesión, que medidas pensa tomar o goberno galego?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2022 13:31:19

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2022 13:31:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/11/2022 13:31:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as axudas públicas para a adaptación de vivendas e garantir condicións de accesibilidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Plan de vivenda 2022-2025 incorporouse a convocatoria de axudas da Resolución do 23 de setembro de 2022, con prazo de solicitude aberto (prazo: 05/10/2022 - 07/11/2022). Procedemento VI435B - Subvencións do programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025. Na convocatoria establécese o seguinte:

Vixésimo noveno. Efectos retroactivos das axudas. As actuacións obxecto de financiamento **non poderán estar iniciadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2022** nin estar finalizadas con carácter previo á publicación desta resolución no DOG (que foi o Martes, 4 de outubro de 2022).

Trixésimo. Prazo de execución das actuacións. O prazo **de execución das actuacións en ningún caso poderá exceder o 28 de outubro de 2024**.

Trátase de axudas complexas á hora de entender as bases das convocatorias – tamén nas anualidades anteriores-- que dificultan a súa solicitude polos prazos previstos de execución das actuacións para a súa xustificación e que deixan fóra, como trasladaron ao Grupo Parlamentario do BNG, algunhas persoas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As axudas para accesibilidade nos domicilios particulares de persoas con discapacidade son, ademais dun dereito, garantir as condicións de habitabilidade básicas para promover a autonomía persoal.

Por esta razón e vista a experiencia destes anos, a Xunta de Galiza debería, ao entender do G.P do Bloque Nacionalista Galego:

- a) Facilitar a comprensión e solicitude das axudas.
- b) Habilitar un procedemento aberto durante todo o ano (como acontece con outras axudas) para que poidan ser solicitadas e xustificadas en calquera momento evitando, así, a exclusión de persoas que o precisan.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza as axudas do programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas?
- Vai adoptar algunha medida para mellorar a facilitar a comprensión das mesmas así como a súa solicitude?
- Valora o Goberno galego habilitar un procedemento aberto todo o ano para que ningunha persoa que precise fiquen excluído destas axudas?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Alexandra Fernández Gómez
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 09/11/2022 09:53:53

Olalla Rodil Fernández na data 09/11/2022 09:53:57



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Míguez e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nestes momentos estamos no trámite parlamentario para a aprobación dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023 e no proxecto de orzamentos que se vai debater os socialistas volvemos constatar que para a Xunta de Galicia é máis importante a minoría que máis ten fronte á maioría da cidadanía, cuestión que se traduce nunha rebaixa selectiva de impostos nos que aos 7.700 galegos e galegas máis ricos do noso país se lle bonifica a cota do imposto sobre o patrimonio nun 25 % máis, chegando ao 50 %, é dicir, un regalo duns 4.500.€ ano de media por contribuínte, tendo en conta que este imposto grava os patrimonios a partir de 700.000 €, excluída a vivenda habitual ata 300.000 €, mentres que para a maioría da poboación, con rendas de ata 35000 €, a rebaixa vai supoñer de media uns 40 € ao mes, afianzando a política fiscal regresiva da Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular, que favorece á minoría que máis ten fronte á maioría da poboación.

Hai uns días o presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Rueda, sorprendíanos cunhas declaracións ante os empresarios da Asociación de Fabricantes e Distribuidores (Aecoc) nas que afirmou que “Galicia baixa impostos sen complexos, porque sempre é moito mellor baixalos que subilos”, unhas declaracións que chocan coa realidade amosada no Reino Unido coas políticas da primeira Ministra Liz Truss, que durou 45 días en *Downing Street* polo anuncio de baixada de impostos xeneralizados o que lanzou á libra esterlina e aos bonos de débeda pública en caída libre.

Xa que logo, o Goberno galego presenta un proxecto de orzamentos indolente, que con 1.239 millóns de euros máis nestes orzamentos, anuncia baixada de impostos sen complexos aos máis ricos mentres retira a tarxeta básica para as familias que máis o necesitan, un recurso que unido ao paraugas social do Goberno do Estado (IMV, Ertes) evitou que 127.000 galegos e galegas estiveran en risco de pobreza no ano 2021, segundo o último informe “O estado da pobreza en Galicia” elaborado por EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión.

O dito informe revélanos que no ano 2021 en Galicia 678.000 persoas residentes en Galicia (25,2 % da poboación) estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social (AROPE), 4.000 persoas menos que en 2020, agravándose a feminización



da pobreza e cun risco de pobreza e exclusión infantil que xuvenil apenas diminúe.

Os datos publicados recentemente polo IGE correspondentes á enquisa de poboación activa (EPA) do terceiro trimestre deste ano, pois revélanos tamén que temos na nosa comunidade 50.800 fogares con todos os seus membros en paro e 24.700 sen ingresos.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales foron as medidas e os recursos que ten dedicado a Xunta de Galicia durante os últimos 5 anos para evitar a pobreza ou a exclusión social das persoas residentes na nosa comunidade?

2ª) Cales foron as medidas e os recursos que ten dedicado a Xunta de Galicia nos últimos 5 exercicios para políticas de vivenda?

3ª) Que medidas vai implementar o Goberno galego para loitar contra a pobreza e a exclusión social no 2023?

4ª) Ten valorado o Goberno galego as repercusións económicas e sociais que supoñen a situación actual da pobreza e a exclusión social en Galicia?

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/11/2022 12:29:12

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/11/2022 12:29:27

Marina Ortega Otero na data 09/11/2022 12:29:40



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Martín Seco García e Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral escrita.

Hai máis dun ano o práctico que estaba a prestar os seus servizos nos portos autonómicos de Laxe, Corcubión, Cee e Sada anunciaba a Portos de Galicia a súa intención de xubilarse e avisaba coa antelación suficiente a este ente público para que puxera en marcha o mecanismo necesario e preceptivo para súa substitución, incluída a habilitación das prácticas necesarias da persoa que o substituiría.

En data 22 de decembro de 2021 o Consello Reitor do Ente Público Empresarial Portos de Galicia, aprobaba, en sesión ordinaria, o prego de prescricións particulares do servizo de practicaxe nos Portos de Laxe, Cee e Corcubión.

No DOG do 8 de marzo de 2022 publicábase a Resolución de Portos de Galicia do 12 de xaneiro de 2022 polo que se fai público o prego de prescricións particulares do servizo de practicaxe do Porto de Laxe, Cee e Corcubión, referenciándose nela que o seu obxecto era a regulación do outorgamento de licenzas e de prestacións do servizo técnico-náutico de practicaxe portuario nos portos de Laxe, Cee e Corcubión (A Coruña) xestionado pola Autoridade Portuaria da Xunta de Galicia, Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia.

Naquel momento xa se detectaron numerosas eivas neste documento de Prescricións Particulares que rexerían o servizo: eliminábase este servizo do Porto de Sada, eliminación de zonas de fondeo, limitación da realización de manobras de practicaxe polas mareaspero sen dúbida, o máis rechamante, era a rebaixa máis que considerable nas novas condicións económicas a aplicar ao novo práctico, o que xa facía presaxiar que podería quedar vacante este posto cando se procedera á súa convocatoria.

O 26 de xullo de 2022 publicábase no DOG a Resolución de 1 de xullo de Portos de Galicia pola que se facía pública a convocatoria para o outorgamento dunha licenza de prestación do servizo especial de practicaxe do Portos de Laxe, Cee e Corcubión. Prazo de 30 días naturais dende a publicación para a presentación de solicitudes.



O anterior procedemento quedou deserto e Portos de Galicia, alegando defectos técnicos, publicaba no DOG de 21 de setembro a Resolución do 1 de setembro polo que se fai pública unha nova convocatoria para o outorgamento desta licenza de practicaxe nos portos antes referenciados.

Pero a realidade é que a día de hoxe non se atopou substituto e pode acontecer que a partir do 1 de decembro (data na que se fará efectiva a xubilación do anterior práctico) este servizo de practicaxe nos Portos de Cee-Brens, Corcubión e Laxe podería deixar de existir. A pesar de que unha capitana examinouse e aprobou, e realizou as prácticas obrigatorias nos portos para os que ía ser habilitada, a praza quedou deserta debido ao recorte a metade dos prezos do servizo de practicaxe regulado nos pregos de Porto de Galicia.

Esta decisión da Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, pon en risco un servizo vital para garantir a seguridade marítima na Costa da Morte e ademais supón un duro golpe para a continuidade produtiva das fábricas de ferroaleacións da zona e o mantemento dos postos de traballo. O Comité de Xeal xa se ten concentrado diante das oficinas de Portos de Galicia en Corcubión para protestar pola supresión do servizo de practicaxe e o traslado da grúa do Porto de Brens.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o motivo polo que Portos de Galicia elimina o servizo de practicaxe no Porto de Sada?

2ª) Non cre a Xunta de Galicia que baixar drasticamente as condicións económicas no servizo de practicaxe destes portos no pregos de condicións particulares é o que ten provocado que non se atopara substituto para cubrir a vacante do práctico que se xubila?

3ª) De ser o caso, e de que finalmente quede deserta esta convocatoria, e non se cubra a substitución do práctico destes portos, que medidas ten previstas para garantir o funcionamento deste servizo de vital importancia nos portos?

4ª) Pensa a Xunta de Galicia que se deixa de existir o servizo de practicaxe nos Portos de Concurbión, Brens e Laxe se pode garantir a seguridade marítima da zona?

5ª) Non pensa a Xunta de Galicia que esta decisión, que pon en risco o mantemento deste servizo de practicaxe, compromete a continuidade produtiva das fábricas de ferroaleacións e o mantemento destes postos de traballo?





Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 09/11/2022 16:24:15

Julio Torrado Quintela na data 09/11/2022 16:24:32

Martín Seco García na data 09/11/2022 16:24:44

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/11/2022 16:25:00



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O IES Fene tivo unha oferta educativa para o curso 2021-2022 de 439 alumnos e alumnas, dos que 172 corresponden á Formación Profesional.

O dito centro incorporouse en 2019 á nova modalidade de Formación Profesional Dual, mellorando así a súa oferta formativa e colaborando na mellora das perspectivas do alumnado para acadar a súa inserción laboral, posto que se trata dunha formación moi orientada á práctica en empresas, ao tempo que as empresas poden dispor de profesionais altamente cualificados formados na mesma empresa.

En 2019, o dito IES, comezou ofertando ensinanzas en Dual de ciclos medios en modalidade ordinaria como os de Mantemento electromecánico e de Instalacións frigoríficas e de climatización. Despois da paréntese da Covid-19, que freou varios proxectos que se estaban a deseñar aínda que se mantiveron os xa existentes, continuouse adiante, de xeito que o pasado curso non só se mantivo a oferta Dual en ordinario, senón que se conseguiu ampliar a dous os ciclos Duais completos nas titulacións de grao medio de Electromecánica de vehículos e de Instalacións de produción de calor. Do mesmo xeito, para este curso estaba previsto completar a oferta Dual ordinaria co Ciclo medio de Soldadura e caldereiría, de xeito que todas as ensinanzas de FP que se ofertan en modalidade ordinaria estarían complementadas pola modalidade Dual, así como tamén facer prospeccións tanto no propio centro como noutros centros da comarca, para tentar sumar novas especialidades ás xa existentes en Dual.

A incorporación á FP Dual supuxo contar cunha persoa no centro a tempo completo destinada á xestión destas ensinanzas, así como a comunicación co tecido empresarial.

O 18 de xullo, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicou no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 8 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca a selección de centros que participarán na Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP no curso 2022/23 e se ditan as instrucións para o seu funcionamento no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, na que se establecía o obxecto, beneficiarios e documentación que se tiña que



presentar, convocatoria á que o IES de Fene presentou a documentación requirida.

O 29 de setembro a mesma consellaría publicou no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 20 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se fai pública a relación de centros que conformarán a Rede Galega de dinamización da relación con empresas na FP no curso 2022/23, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, publicando só o listado de centros beneficiados sen que aparezan nin a baremación nin os criterios obxectivos que basearon a dita decisión.

Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales foron os criterios obxectivos que basearon a decisión dos centros que conformarán a Rede galega de dinamización con empresas na FP no curso 2022/23?

2ª) Cales foron as razóns pola que non se publica o baremo empregado polo Consellería para decidir os centros que conformarán ou non a dita rede?

3ª) Que orzamento ten a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a Rede galega de dinamización con empresas na FP no curso 2022/23?

4ª) Que orzamento ten recibido doutras administracións a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a Formación Profesional Dual no exercicio 2022 e orzamentada para 2023?

5ª) Cales foron os fondos propios que achegou a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a Formación Profesional Dual no exercicio 2022 e orzamentada para 2023?

6ª) Cal foi a execución orzamentaria da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dos fondos para Formación Profesional Dual no exercicio 2021 e 2022?

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/11/2022 11:42:34

Noelia Otero Lago na data 09/11/2022 11:42:41

Noa Susana Díaz Varela na data 09/11/2022 11:42:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Alexandra Fernández Gómez e Carme González Iglesias, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a tomar para garantir a atención pediátrica na área sanitaria de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de urxencias pediátricas do hospital Álvaro Cunqueiro leva días colapsado, cun número de urxencias diarias medias por enriba dos 230 nen@s, o que supón máis de 100 diarios por enriba das atendidas pola mesma altura no ano 2019, último antes da pandemia; habendo días de case 300.

A consecuencia son tempos de espera para que sexan atendidas as crianzas tremendamente elevadas, en casos de até catro horas, e moitas máis amoreadas en corredores agardando diagnóstico ou ingreso.

Esta situación non é nova, ven sendo denunciada desde fai tempo a necesidade de aumentar o cadro de persoal e a organización do servizo, mais que @s directiv@s do Sergas nunca atenderon.

Esta presión asistencial e saturación trasládase tamén á planta de hospitalización, onde as camas están sendo insuficientes. Unha parte importante da causa desa saturación, ademais de non contar o servizo cos recursos suficientes, é a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

situación na que se atopa atención primaria en xeral e a atención pediátrica en particular.

Unha situación inaceptábel de permanente alarma sanitaria que leva vivindo desde hai moito tempo, mais que os últimos meses esta cruzando todas as liñas vermellas.

Non hai ningún centro de saúde, nin PAC que teña unha situación de normalidade, cos cadros de persoal que corresponden. Hai carencias en todos e ningunha vontade de solucionarlas. Centros de saúde e PACS en toda a Área Sanitaria co cartaz de “non hai médico”.

Cando sería precisa unha auténtica aposta desde a Xunta para solucionar esta situación, vemos como nos orzamentos para 2023 non aportan ningunha solución especialmente para déficit brutal de persoal.

O PP só ten unha estratexia, deterioro da sanidade pública, mentres se afana en botarlle a culpa a outros sen asumir a súa responsabilidade, as consecuencias de 13 anos de recortes.

Se a Atención Primaria en xeral está nunha situación dramática, no caso da atención pediátrica é moito máis grave. Vemos como hai centros de saúde onde está normalizado que non exista profesional de pediatría, nos máis dos casos facultativ@ de familia cun curso de puericultura actuando como especialistas. En algúns casos derivan as crianzas a outros centros de saúde, en moitos xa nin teñen esa opción, só teñen a alternativa de acudir a urxencias ven sexa dos PACs ou dos hospitais.

Estamos vendo como empuxan as nais e pais continuamente á sanidade privada, non por escolla senón por pura necesidade, xa que se precisan atención sanitaria para a súa crianza, e non lla prestan no centro de saúde, nin tampouco nos PACS, teñen que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acudir aos servizos de urxencias hospitalarias colapsadas, onde son atendidos en moitos casos despois de agardar horas e as máis das veces se lles di que a patoloxía que teñen non é de gravidade para acudir a urxencias hospitalarias. A única alternativa que lles queda é ir á sanidade privada, quen poida pagala, o resto a desatención.

Ao mesmo tempo vemos ao Partido Popular instalado na mentira permanente de que están “incorporando” médic@s a atención primaria, cando o único que cambia é a súa situación administrativa, pasan de eventuais a fixos. Non hai aumento de prazas, é un sinxelo baile de profesionais, a practica totalidade xa estaban traballando no Sergas, só cambian de centro, ou incluso moitos quedan na mesma praza na que estaban traballando como temporais.

Esta situación está tendo como consecuencia que a atención por especialistas de pediatría @s nos@s nen@s e adolescentes non está garantida.

En Galiza son moitos os concellos, arredor de 200, que non contan con ningún pediatra nin nos seus centros de saúde nin PACs, hai comarcas enteiras, sen atención pediátrica; centos de nen@s sen pediatra asignado, sendo atendid@s no mellor dos casos por profesionais de Familia e Comunitaria, en algúns casos cun curso de puericultura. Esta situación non vai facer máis que empeorar pola elevadísima cifra de xubilacións que se van a producir nos vindeiros anos.

As crianzas teñen dereito á asistencia polos profesionais especialistas en pediatría. Si existe a especialidade é porque nenas e nenos teñen especificidades propias, non son adultos en pequeno. As e os facultativos especialistas en Familia e Comunitaria poden ser magníficos profesionais, mais non son especialistas en pediatría, e un curso de puericultura tampouco os converte en especialistas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Precisan unha atención experta, axustada ás súas necesidades, unha infancia atendida e coidada é a mellor garantía de persoas adultas máis sans. Un especialista en Pediatría está durante catro anos formándose en enfermidades exclusivamente pediátricas, e o resto de especialistas só 2 ou 3 meses.

A responsabilidade da Xunta era planificar e organizar e non o fixeron a mantenta e agora pretenden que aceptemos como normal a falta de atención.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para garantir que tod@s @s nen@s en idade pediátrica teñan asistencia por un profesional especialista en pediatría, independentemente de onde residan?

Está traballando con algún cronograma para facelo? Se é así cal é?

Considera a Xunta de Galiza que @s nen@s galeg@s están recibindo unha atención experta, axustada ás súas necesidades coas urxencias pediátricas hospitalarias colapsadas e atención primaria en mínimos?

Vai dimensionar o servizo de urxencias pediátricas do Hospital Alvaro Cunqueiro co número de profesionais e recursos precisos para rematar coa situación de saturación e garantir unha atención digna e áxil ás crianzas?

Non lle parece preciso dotar como mínimo un PAC de cada comarca da Área Sanitaria con atención pediátrica, especialmente no PAC de Pizarro, e dotar á cidade de Vigo de dous novos PAC en Coia-Navia e Teis, nos que se inclúa atención pediátrica?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai tomar todas as medidas precisas para garantir o número de prazas MIR e EIR en pediatría suficientes para cubrir o total de prazas que garanta a atención á totalidade de nen@s tanto na Atención Primaria como Hospitalaria.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 10/11/2022 10:12:24

María do Carme González Iglesias na data 10/11/2022 10:12:28

Alexandra Fernández Gómez na data 10/11/2022 10:12:37

María Montserrat Prado Cores na data 10/11/2022 10:12:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a ameaza de despexo inminente de varias familias en Narón por parte da SAREB.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Narón varias familias que residen en réxime de alugueiro nunha serie de bloques de vivenda na praza do Asilo do barrio de Piñeiros, agora propiedade da SAREB, están sendo ameazadas pola entidade cun desafiuzamento exprés, en apenas 5 días, se non aceptan un aumento do 48% da rendas que viñan pagando.

Esta situación inicia coa construción por parte de *Narón 2002* dunha serie de bloques, dos que unha parte foron vendidos e outra foi posta en réxime de alugueiro mediante contrato coa propia empresa construtora. Posteriormente, *Narón 2002* cedeu os contratos de aluguer á sociedade *Inveriplus Investments*, como administradora. Porén nin a promotora nin a cesionaria regularizaron as vivendas. Con todo, as familias levan pagando regularmente o alugueiro, primeiro a esta sociedade administradora e despois ás sucesivas sociedades que as remprazaron neste papel: a partir de 2019, a *Bellehomes Premium* como subsidiaria da anterior, a partir do ano 2020 á compañía *S240 Restauración* e, máis recentemente, a través da inmobiliaria Pardo obrígase aos inquilinos a modificar o contrato xa que pasaría a ser *Alkilahouse* a nova administradora.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao longo deste proceso, parte dos contratos foron renovándose anualmente e outra parte son contratos de ate sete anos e cuxos pagos realizábanse a través da inmobiliaria Pardo. Durante este tempo, en que se modificaron os contratos, os inquilinos nunca foron advertidos das dilixencia de débeda, a quebra ou execución que fixo con que os pisos pasaran a ser propiedade da SAREB, nin tampouco do cambio de titularidade.

O descoñecemento das familias sobre os cambios de empresa e da titularidade por parte da SAREB era total, até que en novembro de 2021 as familias reciben notificación do xulgado para o desaloxo das súas vivendas antes do día 2 de decembro. Estas notificacións individuais do Xulgado de Primeira Instancia de Ferrol fixaban a data de lanzamento da vivenda para a data sinalada anteriormente e advertía aos veciños e veciñas de que todos os enseres que alí houbera serían considerado bens abandonados a todos os efectos. A sorpresa para estes veciños e veciñas foi maiúscula, pois foi nese momento en que os arrendatarios, que viñan abonando de forma regular as contías acordadas, tiveron coñecemento por primeira vez de que as vivendas pertencían á SAREB.

Segundo as informacións recabadas, as dilixencias do desafiuzamento iniciaron en maio de 2019 e a finais dese mesmo ano a titularidade pasou a mans da SAREB. Os veciños e veciñas inquilinos destas vivendas en ningún momento tiveron coñecemento deste cambio de titularidade, xa que eles tiñan os seus contratos asinados con distintas sociedades ás que pagaban de forma puntual. Incluso algúns dos contratos de alugueiro vixentes foron asinados con estas sociedades con data posterior a esa cesión.

Dende finais de 2021 iníciase, pois, un proceso xudicial co obxecto de determinar o seu dereito a permanecer nas vivendas, logo de que como xa se vén sinalando, os inquilinos descoñecesen en todo momento a situación na que se atopaban





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

as vivendas. Precisamente, este grupo parlamentario xa trouxa á cámara naquela altura a necesidade de que o IGVS medíase ante esta situación.

Un ano despois a situación é desoladora para as familias. Por unha banda, no plano xudicial, o Xulgado de Primeira Instancia 2 de Ferrol ditaminou en setembro que os contratos non tiñan validez legal e supeditaba o desaloxo final a que a entidade chegase a un acordo. E iso a pesar de que reconece que os ocupantes subscribiron os contratos actuando de boa fé. Por outra, tampouco consta que existise unha vontade manifesta por parte das Administracións Públicas, e en concreto polas competencias que nos ocupan, por parte do IGVS de procurar unha solución xusta a estas familias.

A SAREB aproveitándose da situación de indefensión na que ficaron estas familias vén de proporlles, a través da empresa Hipoges Iberia SL, a posibilidade de continuidade dos contratos se, a cambio, aceptan un aumento da cota do aluguer que ascende aos 520€ ao mes, máis unha fianza polo mesmo importe. Este incremento supón aumentar até en 170€ as cotas que viñan pagando. Un prezo inasumible e que os veciños e veciñas recoñecen como abusivo en relación cos prezos do mercado. Mais de non aceptar este incremento da cota nun prazo de cinco días a SAREB ameaza con solicitar auxilio xudicial para o desaloxo do inmovible. É dicir que a entidade lanza un ultimatum aos veciños para que acepten unhas condicións abusivas ou ben un desaloxo exprés en cinco días.

A proposta non ten como obxectivo procurar unha saída xusta a esta situación, senón que, máis ben, evidencia a vontade manifesta por parte da entidade de expulsar canto antes a estas familias. A proposta por parte da SAREB está a ser enviada de forma escalonada ás distintas familias, mais todo fai indicar que nos próximos días esta mesma proposta chegará a un total de 13 familias. A falta de vontade da SAREB para procurar unha solución xusta tamén se evidencia na falta de diálogo cos inquilinos e inquilinas en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

todo este tempo e na súa negativa de intento de solución amistosa, recurrido esta directamente ao envío do aviso de desaloxo de non aceptar as condicións impostas.

Tendo en conta que estes edificios son da SAREB e que esta sociedade está conformada por capital público do Estado resulta inaceptable que se permita o abuso e desafiuamento destas familias. Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que estas prácticas antisociais non son admisibles en ningún caso, pero moito menos por parte dunha entidade pública. Por iso entendemos que esta debería manter as condicións dos contratos que xa existían, co fin de garantir a continuidade dos inquilinos.

Pero ademais consideramos que as políticas respecto dos activos propiedade da SAREB deben ir máis alá. As vivendas da SAREB, na medida en que son activos sufragados con débeda pública do Estado, deberan pasar a incorporarse no parque de vivendas públicas, neste caso a través do IGVS. As promesas por parte do Estado de ceder ás Comunidades Autónomas 10.000 vivendas da SAREB para vivenda social, segue sen materializarse. Mentres tanto a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pouco ou nada ten feito para lograr aumentar a cesión de vivendas por parte SAREB.

No caso concreto destas 15 vivendas de Narón, a Xunta de Galiza, con competencias en materia de vivenda, debe actuar de forma urxente para protexer aos inquilinos. Como xa vimos demandando dende hai un ano, o IGVS pode actuar de varias formas: primeiro, mediando e solicitando do Estado que a SAREB subroga ou asine novos contratos que manteñan as condicións previas e, segundo, solicitando a cesión destes inmobles a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo que podería subrogarse como arrendador durante a vixencia dos contratos para despois incorporalos á bolsa de vivenda pública de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É coñecedora a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da situación crítica que atravesan estas familias?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza da situación de indefensión na que se atopan estas familias?
- Que fixo a Xunta de Galiza ao longo deste ano para solventar esta situación de forma xusta?
- Que actuacións de mediación se fixeron por parte do IGVS cos veciños e veciñas?
- Ten pensado o IGVS actuar de forma urxente para evitar que se executen as ameazas de desaloxo?
- A Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda ten iniciado algunha mediación coa SAREB para procurar a continuidade dos contratos das familias ameazadas con despexo inminente?
- Dende o Instituto Galego de Vivenda e Solo solicitouse ao Estado ou á SAREB a petición de que a SAREB se subroga nos contratos ou asine uns novos coas mesmas condicións, co fin de evitar o despexo e dar continuidade aos contratos asinados?
- A Xunta de Galiza ten iniciado algunha acción en relación co Estado ou coa SAREB para solicitar a cesión ao IGVS destes activos inmobiliarios para que este se subroga como arrendador durante a vixencia dos contratos para despois incorporalos á bolsa de vivenda pública?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 10/11/2022 10:59:21

Alexandra Fernández Gómez na data 10/11/2022 10:59:24



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Nas recentes datas o Pleno municipal de Caldas apoiou por unanimidade o seguinte texto dunha moción municipal:

A situación que está a acontecer en Caldas de Reis con respecto a atención primaria do sistema público de saúde é grave. O centro de saúde da localidade está, como o conxunto do sistema público, claramente infradotado en canto a recursos humanos se refire. En termos locais, as información coñecidas novamente estes últimos días son contundentes e, dado que non se trata dunha carencia puntual, e tendo en conta que a saúde non é unha mercancía, vémonos na obriga de solicitar unha vez máis o estrito cumprimento da cobertura de todas as prazas de médicos/as e enfermeiros/as no centro de saúde e no PAC de Caldas de Reis.

E, ao fío deste texto expositivo formuláronse distintas propostas dirixidas tanto a administración local como a autonómica. Con respecto ao plano autonómico aprobouse esta resolución:

Demandar ao Sergas a cobertura das baixas dos e das profesionais sanitarios no centro médico de Caldas de Reis para non volver a atoparnos coa reiterada situación de non ter atención e ter que ser derivados a outras vilas, onde tampouco existe a seguridade de ser atendidos/as.

Dado este acordo, resulta de importancia trasladalo ao Parlamento de Galicia para refrendar o acordo municipal no plano competencial onde é dirixido este punto.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que medidas pensa tomar o goberno da Xunta de Galicia para que esta situación de non cobertura de ausencias no centro de atención primaria non se volva a producir?
2. Por que sistematicamente os veciños/as de Caldas ven afectada a súa atención sanitaria no centro de atención primaria coa non cobertura de ausencias?

Parlamento de Galicia, 10 de novembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/11/2022 11:03:52

Marina Ortega Otero na data 10/11/2022 11:04:00



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O 19 de setembro de 2016 foi asinado por todos os partidos políticos o compromiso coa única provincia de Galicia que non conta cun Centro de Atención á Persoas con Diversidade Funcional para a construción do mesmo.

A loita das familias de persoas con diversidade ou discapacidade durante anos por lograr os mesmos dereitos para os seus fillos/as que o resto de galegos/as, centrou o seu obxectivo na consecución deste centro de titularidade e xestión pública directa.

O feito é que nos atopamos rematando o ano 2022, data prevista como fin de obra en orixe, e unha vez máis as expectativas non se cumpren, demorando con elo os dereitos das persoas con discapacidade ou diversidade a recibir atención nun centro público de calidade terapéutico-ocupacional preto das súas casas, sen ter que desprazarse de provincia.

O pasado 20 de febreiro fíxose público que a Xunta de Galicia negociaba coas empresas construtoras o sobre custe de materiais, xustificando con elo a demora da execución das obras. Non obstante, nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2022 existía incluído un mecanismo de revisión de prezos para este tipo de circunstancias. Pese a elo, o pasado 18 de marzo coñécese que a Xunta de Galicia inicia un expediente para a rescisión do contrato de obras para a construción do CAPD de Ourense. Fai un mes finalmente anunciábase que a empresa COPASA sería a encargada de finalizar a obra.

Trátase dun dos recursos de maior urxencia para a provincia, xa que hai moitas persoas con discapacidade que ao rematar a etapa escolar teñen que ficar nas súas casas xa que, para acudir a un CAPD público teríanse que se desprazar a outras provincias de Galicia, o que suporía ademais romper o vínculo familiar.



Todo elo deriva na urxente necesidade de contar con prazas de respiro familiar, xa que as prazas de respiro familiar que hai a disposición na actualidade na provincia de Ourense atópanse en centros xeriátricos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos urxente que a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social aporte as explicacións que merecen as familias e afectados directos que levan tantos anos agardando a que dunha vez por todas remate a discriminación a toda unha provincia. Unha das cuestións que preocupa ás familias é saber se ao marxe da titularidade pública, o centro será xestionado directamente pola Xunta de Galicia ou non. Unha cuestión, que entendemos, a propia Consellería de Política Social xa terá que saber, e o lóxico e xusto e informar con detalle ás familias.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Existe compromiso da Xunta de Galicia coa titularidade pública e de xestión directa do futuro CAPD de Ourense?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro do 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2022 11:14:38
Nº Rexistro: 43601
Data envío: 10/11/2022 11:14:38.372

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 10/11/2022 09:42:21

Julio Torrado Quintela na data 10/11/2022 09:42:31

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O pavillón polideportivo municipal de Dodro é unha instalación moi empregada polos diversos clubs deportivos da contorna así como por entidades de índole social. Ese pavillón nestes momentos precisa dunha obra de reparación da súa cuberta á que as arcas municipais non poden facer fronte dado o seu custe.

O concello leva dende o ano 2020 solicitando, co apoio de numerosos clubs e asociacións, esta obra sen obter resposta algunha do Goberno galego, que debera colaborar cos concellos, especialmente cos pequenos por ser os que teñen máis dificultades para investir en equipamentos deportivos.

É por iso que o Concello solicita que, do mesmo xeito que se ten producido con outras administracións locais próximas, a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia colabore para reparar esa cuberta de xeito que se poidan garantir unhas óptimas condicións de salubridade e seguridade.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia colaborar co Concello de Dodro na reparación da cuberta do seu pavillón polideportivo municipal?

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/11/2022 17:39:29

Julio Torrado Quintela na data 09/11/2022 17:39:48

Pablo Arangüena Fernández na data 09/11/2022 17:40:00

Paloma Castro Rey na data 09/11/2022 17:40:17



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez, Eduardo Ojea Arias e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Hai uns días o Goberno da Xunta anunciaba a supresión da bonificación do 10 % do canon de Sogama aos concellos que dende hai 3 anos se beneficiaban desta medida ao cumprir 2 requisitos: redución da cantidade de lixo e repercutir dita baixada na súa veciñanza.

Trala resposta da maioría dos concellos a esta medida, que pretendía aprobarse sen moita repercusión mediática aproveitando a Lei de acompañamento dos orzamentos 2023, a Xunta de Galicia tivo que dar explicacións e xustificou esa supresión no aumento dos custes de funcionamento de Sogama derivado da suba do prezo da enerxía.

O que este Goberno non dixo foi que por mor desa suba de prezos de enerxía, os ingresos de Sogama incrementaranse de 55 a 99,77 millóns de euros este ano, xa que a empresa cercedense vende esa enerxía que obtén pola valorización enerxética do 64 % dos residuos que alí se xestionan e iso é a súa principal actividade.

O pasado domingo anunciaba este Goberno que no Plan de Residuos Municipais 2022-2030 se contemplaba incrementar o recibo do lixo na hostalería e no comercio nos Concellos turísticos, concedendo a estes un prazo de 3 anos para adaptar os seus recibos.

Esta medida afectaría a 49 concellos que teñen recoñecida esta categoría e obrigaría á Administración municipal a establecer un recibo diferenciado á hostalería e ao comercio no que se aplique esta suba.

Dende o Grupo Socialista non compartimos esta medida que pretende por unha banda e novamente delegar nos concellos unha obriga autonómica como é a fiscalidade ambiental, e por outro que os concellos compensen a suba dos prezos da xestión de residuos de Sogama e colaboren no aumento dos seus beneficios.



A maiores isto supón unha medida claramente discriminatoria duns concellos respecto a outros desincentivando a este sector a implantarse nestes concellos turísticos.

A hostalería e o comercio foron un dos sectores que durante estes dous anos viuse mais prexudicado polas consecuencias da pandemia do Covid-19, non pode este goberno, agora que está a remontar con moito esforzo, volver a cargar contra este sector coa suba do seu recibo do lixo.

Este goberno ten que optar por medidas de sensibilización e incentivos que animen ao reciclaxe e á redución do volume de lixo non incrementar as taxas en beneficio de Sogama.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Entende este Goberno que o modelo de recollida de lixo específico para os concellos turísticos contemplado no Plan de Residuos 2022-2030, supón unha medida claramente discriminatoria duns concellos respecto a outros? E dun sector respecto a outros?
2. Vai este Goberno substituír a medida do Plan de Residuos 2022-2030 o modelo de recollida de lixo específico para os concellos turísticos?
3. Por que non promove este goberno incentivos fiscais no canon de lixo para os concellos que cumpran os principios de redución e reciclaxe establecidos pola normativa de residuos?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/11/2022 13:00:24

Pablo Arangüena Fernández na data 10/11/2022 13:00:32

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Patricia Otero Rodríguez na data 10/11/2022 13:00:45

Eduardo Ojea Arias na data 10/11/2022 13:00:56

María Leticia Gallego Sanromán na data 10/11/2022 13:01:03



Á Mesa do Parlamento

Noa Susana Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O pasado 6 de novembro tivo lugar en Compostela unha multitudinaria manifestación contra a manipulación informativa dos nosos medios públicos baixo o lema ‘Por unha CRTVG ao servizo do pobo’, convocada polo comité intercentros da corporación e apoiada por todas as organizacións políticas galegas agás o PP, as principais forzas sindicais do País, así como dúcias de asociacións de toda índole que conformaban unha boa representación da sociedade galega.

Nun exercicio vergoñento de manipulación informativa que non fai máis que reforzar a razón da marcha do 6N, os servizos informativos da TVG daban escasa cobertura á manifestación no Telexornal Mediodía e na Radio Galega. No primeiro caso, cunha cola de 35 segundos ao final do informativo e na radio con outra de apenas 20 segundos. Por suposto, esa información nin contiña declaracións das persoas manifestantes nin aparecía nos titulares do informativo da TVG, cando si o fixeron outras novas como un accidente en Tanzania ou varios sucesos acontecidos esa fin de semana fóra de Galicia.

Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal e razón de informar ao final dos informativos dunha manifestación na capital galega que congrega a varios milleiros de persoas?

2ª) Terían actuado da mesma maneira se a manifestación fose convocada ou apoiada polo Partido Popular? Pode poñerme algún exemplo?

3ª) Cre vostede que se cumpre o principio de veracidade cando nas pezas informativas se asegura que a mobilización era a prol “da pluralidade, do idioma e da produción propia”?

4ª) Entende que é máis importante un accidente en Tanzania que unha manifestación de milleiros de persoas en Santiago de Compostela?

5ª) Por que non se incluíron testemuñas das persoas manifestantes?



6ª) Esa información foi elaborada por un redactor ou redactora de fin de semana encargado do resto da escaleta da TVG? Quen elaborou esa información na RG?

7ª) Houbo intención de silenciar a manifestación ‘Por unha CRTVG ao servizo do pobo’?

8ª) Seguen afirmando que non existe manipulación informativa na CRTVG?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 10/11/2022 13:17:28

Noelia Otero Lago na data 10/11/2022 13:17:42



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Árias, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O concello de Coristanco ten pendente de realizar unha obra de saneamento financiada polo Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña do ano 2022, denominado “Red saneamento no lugar do Piñeiro” na parroquia de Ferreira, no concello de Coristanco.

Dende o PSdeG-PSOE queremos coñecer se dende Augas de Galicia teñen aprobada a autorización da obra e se deron autorización de vertido.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Como está o trámite da autorización das obras e o vertido do dito proxecto?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 10/11/2022 11:07:19

Patricia Otero Rodríguez na data 10/11/2022 11:07:32

Eduardo Ojea Arias na data 10/11/2022 11:07:47



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A CRTVG puxo en marcha a comezos do ano 2010 a segunda canle da TVG co obxectivo de funcionar cunha programación temática con espazos infantís, xuvenís, culturais, documentais e deportivos. Estaba tamén previsto que a TVG2 dedicase parte da súa grella á retransmisión en directo de sesións parlamentarias.

Doce anos despois, observamos como a TVG2 só cumpre unha parte do seu reto inicial, o referido a contidos infantís e deportivos as fins de semana. Mais esquece o resto do comprometido, dedicando a maior parte da súa programación a reposicións de contidos da primeira canle, emisións interminables de series de ficción e programas da Radio Galega. Nin programación xuvenil nin cultural, exceptuando a franxa horaria de comezo da madrugada, cando dedica diariamente unha hora a un contido cultural.

Con esta grella non son de estrañar os baixos índices de audiencia, que rozan o 1, e que son nulos en franxas de idade a priori ‘diana’. É por iso que no grupo socialista sospeitamos que o propósito da actual dirección xeral sexa dismantelar esta canle para dedicar os seus recursos a adaptarse ao reto dixital, que parece ser a única prioridade hoxe.

Por todo isto, solicitamos en resposta escrita, contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Ten prevista a actual dirección da CRTVG un cambio na programación da TVG2 para conseguir maiores índices de audiencia?
- 2ª) Consideran que son suficientes os espazos dedicados diariamente nesa canle á cultura?
- 3ª) Cal é a razón de emitir os escasos programas culturais da TVG2 en horario de madrugada?
- 4ª) Que espazos dedicados á mocidade se emiten na TVG2?
- 5ª) Cal é o custe, en termos porcentuais, da programación da TVG2?



6ª) Consideran suficientes as audiencias da TVG2?

7ª) Teñen previsto cumprir coa idea inicial de emitir sesións parlamentarias en directo?

8ª) É intención da actual dirección pechar a TVG2?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 10/11/2022 14:02:52

Noelia Otero Lago na data 10/11/2022 14:03:09



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Carballo, capital da comarca de Bergantiños, ten unha dinámica de crecemento que necesita con urxencia a posta a disposición de solo industrial, con medidas para a axilización de ampliación do polígono industrial de Bértoa.

A falla de solo industrial na vila de Carballo é un problema que o Goberno galego non acaba de solucionar, o mesmo que nas infraestruturas, cunha variante que camiña a ritmo de tartaruga ou cunha peaxe na autoestrada A Coruña–Carballo que segue golpeando as economías deste eixe industrial, nunha vía que se construíu para ser pública e que privatizou o goberno do PP de Manuel Fraga.

O polo industrial Arteixo-Laracha-Carballo é unha realidade, máis agora coa futura conexión ferroviaria de Punta Langosteira, pero unha situación que necesita da implicación do Goberno galego para consolidarse como o polo económico máis dinámico de Galicia.

No ano 2003 o solo industrial de Carballo estaba constituído por 500.000 metros cadrados, un solo que fora promovido por un grupo de empresarios, nun momento onde a dispoñibilidade de terreo era practicamente nula, xa que as escasas parcelas existentes non estaban en venta.

Nese mandato municipal, o concello de Carballo dirixido polo tripartito entre BNG, CDI e PSdeG-PSOE e Xestur, deron un gran impulso de cara á dotación de novas bolsas de solo industrial.

O Plan sectorial de areas empresariais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, aprobado ano 2004, incluía no caso de Carballo, unha primeira fase duns 750.000 m² brutos e unha segunda fase duns 550.000 m². A obra urbanizadora da primeira fase rematou no 2010 e foi inaugurada en setembro dese ano poñendo as parcelas á venda.

No ano 2018, da totalidade da superficie neta da primeira fase, Xestur tiña adxudicado máis do 80 %, quedaban por adxudicar uns 78.000 m² en 26 parcelas de tamaño reducido, un dato que indica que o solo industrial de Carballo estaba practicamente esgotado. No 2020 a adxudicación das parcelas a disposición continuou a bo ritmo, quedando uns 70.000 m² en 19 parcelas, a maioría de



menos de 4.000 m² e a maior de 13.000 m². A principios do 2022 quedaban 4 parcelas á venda e a mediados deste ano só quedaban 2, un dato que indica que a dispoñibilidade de solo industrial é total.

Así mesmo, Xestur ten adquirida unha parte importante do solo nas áreas previstas para a segunda fase duns 550.000 m² e hai que engadir que Carballo conta cun PXOM aprobado definitivamente no ano 2016 que cualifica dúas áreas, lindantes polo Oeste e polo Leste da primeira fase e coincidentes coa segunda fase prevista no Plan Sectorial citado antes, como Solo Urbanizable Delimitado de uso industrial coa denominación de S-I1 e S-I2.

O Goberno galego adxudicou o proxecto de ampliación do dito parque empresarial e anunciou que estaría listo en outubro deste ano para proceder á súa aprobación inicial a principios de 2023, uns prazos que descoñecemos se están a cumprir e que en todo caso, co posterior proceso de expropiación de terreos e as obras de urbanización, fará que no mellor dos casos non se contará con novo solo industrial ata o ano 2024.

Mentres o tempo pasa, Carballo e a comarca de Bergantiños perden oportunidades para a implantación de actividade económica e xeración de emprego.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) En que punto está o proceso de ampliación do polígono de Bértoa en Carballo?

2ª) Ten o Goberno galego activada algunha alternativa para a implantación de empresas en Carballo mentres non sexa efectiva a dita ampliación?


Parlamento de Galicia, 10 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 10/11/2022 13:41:07

María Leticia Gallego Sanromán na data 10/11/2022 13:41:24





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

